



BANDO

Luis Menor Pérez, Alcalde do Pereiro de Aguiar (Ourense)

FAI SABER:

Trala declaración do estado de alarma e en aplicación da fase 2 do plan para a transición cara unha nova normalidade, o *Concello do Pereiro de Aguiar* publica as **novas medidas de atención ao público polos servizos administrativos na Casa do Concello** de cara a minimizar os riscos de exposición, para os usuarios dos edificios públicos.

Priorízase a utilización de medios telemáticos, para evitar os desprazamentos, a través de:

- Teléfono: 988 25 93 85
- Fax: 988 25 93 95
- Sede electrónica do concello: <https://concelloperreiro.sedelectronica.gal>
- Enderezo electrónico : info@concelloperreiro.com
- Mensaxes de whatsapp para avarías e incidencias: 685 089 886

Atención Presencial:

- Para evitar aglomeracións e cumprir cos requirimentos legais de aforo **será obrigatorio concertar unha cita previa** a través dos medios telemáticos ou telefónicos.
- O acceso, salvo circunstancias xustificadas, **farase de xeito individual**.
- Deberán usar **mascarilla**, sempre e sen excepcións, durante o tempo que pasen dentro das instalacións, **non se permitirá o acceso aos usuarios que non as leven**.
- **Terán que respectar as indicacións dos carteis informativos e sinalizacións coas indicacións de seguridade**.
- Os usuarios non poderán empregar os equipos informáticos, material de oficina ou outros obxectos dos empregados públicos.
- O horario de atención ao público será de 10:00h. ás 13:30h.
- As oficinas do **XUZGADO** teñen atención ao público de 9.00 h. a 14.00h., con cita previa no teléfono 988.31.59.02

Grazas pola súa colaboración

No Pereiro de Aguiar, na data da sinatura electrónica

O Alcalde

Luis Menor Pérez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Concello do Pereiro de Aguiar

